

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO**

ACORDO do 6 de marzo de 2026, do Departamento Territorial de Pontevedra, polo que se someten a información pública a solicitude de autorización administrativa previa e autorización administrativa de construción, e o estudo de impacto ambiental da liña de alta tensión LAT 132 kV SE PE As Penizas-SEC Paraño, situada nos concellos de Forcarei e Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) e Beariz (Ourense), e promovida por Engie Proyecto As Penizas, S.L. (expediente IN408A 2021/003).

En cumprimento do disposto na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico; na Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental; no Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica; na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e demais normas vixentes de aplicación, sométese a información pública a solicitude relacionada coa instalación que se describe a seguir:

Solicitante: Engie Proyecto As Penizas, S.L.

Domicilio social: Espacio de traballo G., Edificio El Mirador de Pontepedriña, Santiago de Compostela, 15702 A Coruña.

Denominación do proxecto: LAT 132 kV SE PE As Penizas-SEC Paraño.

Concellos afectados: Forcarei e Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) e Beariz (Ourense).

Orzamento total (execución material): 2.562.381,27 €.

Obxecto: evacuación da enerxía xerada polo PE As Penizas (31,2 MW) (expediente IN408A 2017/06) á subestación colectora denominada SEC Paraño 30/132/400 kV (expediente IN408A 2020/175).



Orixe e final da liña de alta tensión:

- Orixe: apoio paso aéreo subterráneo localizado nas inmediacións da subestación do PE As Penizas (concello de Forcarei).

| X UTM (H29 ETRS89) | Y UTM (H29 ETRS89) |
|--------------------|--------------------|
| 550.471,00 | 4.714.419,32 |

- Final: pórtico metálico situado no interior da subestación colectora SEC Paraño (concello de Beariz).

| X UTM (H29 ETRS89) | Y UTM (H29 ETRS89) |
|--------------------|--------------------|
| 550.471,00 | 4.714.419,32 |

Características técnicas recollidas no proxecto:

– Liña de evacuación aérea de alta tensión de 132 kV, coa orixe no apoio paso aéreo subterráneo localizado nas inmediacións da subestación do PE As Penizas (Concello de Forcarei) e final no pórtico metálico situado no interior da subestación colectora SEC Paraño (Concello de Beariz), de lonxitude total 16.870 m (incluíndo os vans destensados de conexión aos ditos apoio e pórtico). Consta dun total de 65 apoios metálicos de celosía con cimentacións de formigón de tipo monobloque e/ou tetrabloque, cunha configuración de simple circuito de condutor LA-380 dúplex (381 mm² de sección), máis un cable de fibra óptica do tipo OPGW-48 (106,21 mm² de sección), que efectuará ademais a función de cable de terra. Discorre polos concellos de Forcarei e Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) e Beariz (Ourense). Potencia máxima de transporte: 311,26 MW.

Órgano competente: o órgano competente para autorizar o proxecto da referida instalación eléctrica é a Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático.

Procedemento de avaliación ambiental: o proxecto da referida instalación eléctrica está suxeito a avaliación de impacto ambiental ordinaria, segundo o establecido no artigo 7.1.a) da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

De acordo co disposto polo artigo 33 da Lei 8/2209, do 22 de decembro, e polas demais normas de aplicación, constitúen o obxecto da información pública os seguintes documentos:

- Proxecto de execución titulado Liña aérea de alta tensión 132 kV SE PE As Penizas-SEC Paraño, firmado polo enxeñeiro técnico industrial Sergio Rodríguez Rodríguez o



7.1.2026 e co visado V20250334 do Colexio de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Ourense, do que o técnico é colexiado núm. 0482.

- Addenda ao proxecto de execución, asinada polo enxeñeiro industrial Rubén Castro Freire o 2.2.2026, colexiado núm. 2.737 do Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia.

- Estudo de impacto ambiental do proxecto titulado Estudo de impacto ambiental da liña de alta tensión 132 kV As Penizas-Paraño. Termos municipais: Forcarei, Cerdedo-Cotobade e Beariz. Provincia: Ourense e Pontevedra, asinado o 30.6.2025 e o 1.7.2025 por un equipo multidisciplinar de Novotec Consultores, S.A., datado en decembro de 2020 e con revisión de xuño de 2025.

- Addenda ao estudo de impacto ambiental do proxecto, asinada o 12.2.2026 por Pablo Federico de la Cruz Martínez con NIF 52998582G, apoderado mancomunado solidario e en representación da sociedade Engie Proyecto As Penizas, S.L., con CIF B70567029.

Esta documentación estará á disposición das persoas interesadas nas dependencias do Departamento Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático de Pontevedra (avenida M^a Victoria Moreno, 43-4^o andar, 36071 Pontevedra), das 9.00 ás 14.00 horas, de luns a venres, con cita previa, no teléfono 986 80 52 34, así como nas dependencias dos concellos de Forcarei e Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) e Beariz (Ourense) e no Departamento Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático de Ourense. Ademais, tamén se poderá consultar no portal web da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático:

https://medioambiente.xunta.gal/tema/c/CMAOT_Energias_Renovables_Instalacions_Xeracion

O que se fai público para coñecemento xeral e para que as persoas interesadas poidan examinar a documentación técnica anteriormente relacionada e, de ser o caso, presentar as alegacións ou observacións que consideren oportunas no prazo de trinta (30) días, que se contará a partir do día seguinte ao da publicación deste acordo no *Diario Oficial de Galicia*.

Pontevedra, 6 de marzo de 2026

Nicolás Lorenzo Montes
Director territorial de Pontevedra

